



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
MILLADOIRO

Código de centro: 15026765



VII CONCURSO DE PODCASTS - RADIO NA BIBLIO -



RADIO BALEA



B. E. LEOLAB MILLADOIRO



LETRAS GALEGAS 2025

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

VII CONCURSO PODCASTS – RADIO NA BIBLIO - MODALIDADE IV

A NOSA HERDANZA

Tº DA INTERVENCIÓN	Tº TOTAL TRANSCORRIDO	LOCUTOR/A	CONTIDO
22"	22"	TERESA DOS CUCOS	<i>En Ardeleiro unha fonte</i> <i>En Folgueira unha calzada</i> <i>En Pasacundia un río</i> <i>En Pontella non hai nada</i> <i>En Pasacundia un río</i> <i>En Pontella non hai nada</i>
18"	40"	VALENTINA SUÁREZ	Quixemos comenazar esta homenaxe a poesía popular oral escoitando a Teresa dos Cucos, galardoada no 2021 coma mestra da memoria pola asociación de escritores en lingua galega e trabe fundamental na preservación deste patrimonio cultural inmaterial do noso país
10"	50"	BENITO VARELA	Teresa é veciña de Malpica, informante, cantareira e colaboradora de recoñecidas artistas coma Ses, Mercedes Peón ou Xabier Díaz
18"	1'08"	CLARA VILLAVERDE	O presente traballo tivo como obxecto a pescuda sobre a herdanza deixada polas cantareiras e pandereteiras de Mens. Para isto, convidamos ao CEIP Milladoiro a distintas representantes do tecido asociativo e cultural de Malpica e da Comarca de Bergantiños
9"	1'17"	NOA PENA	Todas as convidadas salientaron o importante legado que deixaron non só as mulleres homenaxeadas, senón todas as que existiron en cada lugar do noso concello.
3"	1'20"	MARCO GARCÍA	PANDEIRETA
6"	1'26"	BREIXO PLATAS	Tania Doldán da asociación Malante contounos as súas influencias e inicios no mundo da pandeireta

Tº DA INTERVENCIÓN	Tº TOTAL TRANSCORRIDO	LOCUTOR/A	CONTIDO
17"	1'43"	TANIA DOLDÁN (MALANTE)	A miña maior influencia foi a niña avoa, Carmen de Martinas, de Barizo, recordo que cando era moi pequerrechiña meus país levaronme a ver a niña avoa bailar eu creo que debeu de ser nunha recollida e en Barizo xuntaron a unha serie de señoras e señores que cantaban e tocaban e eu recordó estar sentada no chan e quedar absolutamente anodada co que estaba esa xente facendo alí.
11"	1'54"	DANIA BLANCO	Foron as mulleres as responsables de transmitir a poesía popular oral de xeración en xeración, sendo a meirande parte delas anónimas, pero non por isto menos importantes
12"	2'06"	ANTÍA CASTRO	Actualmente, a labor das asociacións culturais é fundamental para preservar esta riqueza cultural. María, integrante de Carcaxía contábanos a influencia da pandereteiras nas asociacións culturais de Malpica:
18"	2'24"	MARÍA CARCAXÍA	Penso que as pandereteiras, pero non so as de Mens, son en realidade de quen aprendemos todo a quen lles vamos ca gravadora a ver, que cantabas non, o que ti facias de xeito espontaneo para que agora no lo ensine a nós, entón as pandereteiras son a base das asociacións
4"	2'28"	SUSANA DO COUTO	PANDEIRETA
15"	2'43"	SAÚL SERANTES	Adolfina, Rosa Casás , Eva Castiñeiras e as pandereteiras de Mens naceron nun mundo rural en declive, pero isto non lles impediu continuar coa herdanza poética e musical e espallala polo mundo.
12"	2'55"	OLIVIA GONZÁLEZ	Con Lupe Blanco descubrimos todo un exemplo de resistencia nunha muller apoderada e rupturista na transmisión da tradición oral popular nunha época difícil para ser muller
33"	3'28"	LUPE BLANCO	Foi aquí en Malpica onde me contaron que tamén había moitísimas mulleres que regueifaban, regueifaban de portas para dentro, sempre nas súas casas, realmente cantaban igual ca os homes ou mellor, o que pasa é que non estaba ben visto que o fixeran públicamente. Constanos que a primeira muller regueifeira que cantou públicamente nun palco da festa foi unha señora que se chamaba Leonarda de Tallo, de Tallo parroquia de Ponteceso i Leonarda tiña unha taberna entón ela na taberna cantaba cos homes, ela decía que facía o que a ela lle daba a gana sin importarlle o que dixeran dela.

Tº DA INTERVENCIÓN	Tº TOTAL TRANSCORRIDO	LOCUTOR/A	CONTIDO
2"	3´30"	SUSANA DO COUTO	PANDEIRETA
7"	3´37"	SANTIAGO VERES	Chegamos ata aquí coñecendo como chegou a nós este legado e agora nos preguntamos sobre o futuro do mesmo
7"	3´44"	JUÁN L. CASAR	e sobre isto, Silvia de Carcaxía deixou a seguinte reflexión
6"	3´50"	SILVIA	Bueno, eso depende de vos, nós o estamos mantendo, vos tedes que axudar a que haxa futuro.
2"	3´52"	SUSANA DO COUTO	PANDEIRETA
5"	3´57"	CANDELA LEMA	Esta na nosa man, na man das novas xeracions que toda esta herdanza continúe.
12"	4´09"	LEO COUSILLAS	Queremos rematar este percorrido coa esperanza de que esta cadea humana de transmisión oral non desapareza poñendo en valor o compromiso de todas as colaboradoras deste proxecto
13"	4´22"	CANDELA LEMA	e como despedida canto coa miña mestra de pandeireta, Icíá Varela, integrante da asociación Raigañas e coautora do libro Cantareiras unha copla do Maneo de Mens dunha recolleita feita as pandereteiras de Mens.
7"	4´29"	ICÍA VARELA	<i>De onde son esas mociñas Que arrecenden ao ourego</i>
7"	4´36"	CANDELA LEMA	<i>Son do lughare de Mens De xunto a casa do crego</i>
9"	4´45"	ICÍA VARELA	<i>De xunto a casa do crego Ai la la ai la la la lalaaa</i>
14"	4´59"	ICÍA VARELA CANDELA LEMA (Pandeireta Susana do Couto)	<i>Ai la la la ai la la la la la Ai la la ai la la la la lalaaa Ai la la la ai la la la la la</i>

FICHA TÉCNICA

A NOSA HERDANZA

GUIÓN	Antonio Mato Óscar Pérez Susana Álvarez
LOCUCIÓN	Alumnado de 5º de educación primaria (O grupo clase son 13 e todos e todas participan) Colaboradoras segundo orde de intervención: <i>Teresa dos Cucos (Cantareira e informante)</i> Tania Doldán (AC Malante) María Haz (ACD Carcaxía) Lupe Blanco (Regueifeira) Silvia (ACD Carcaxía) Icía Varela (AC Raigañas) coautora <i>Cantareiras</i>
SON DE PANDEIRETA	Susana Álvarez Marco García
PRIMEIRA COPLA "CANTAR DE PONTELLA"	Teresa Reigía Pose (<i>Teresa dos Cucos</i>)
ÚLTIMA COPLA "MANEO DE MENS"	Icía Varela e Candela Lema Son pandeireta de Susana Álvarez
EDICIÓN	Óscar Pérez
FOTOGRAFÍA	Xián Castro
COLABORACIÓN CREATIVA	Sandra Cao

LENDAS POR CORES DAS INTERVENCIÓNS

Intervención das convidadas
Son de pandeireta
Intervención do alumnado



A NOSA HERDANZA

Todo comezou o 5 de xullo do 2024 cando a RAG comunicou que o **Día das Letras Galegas do 2025** estaría adicado ao **cancioneiro e a poesía popular oral**, personificada en Adolfinia, Rosas Casás, Eva Castiñeiras e as Pandereteiras de Mens, oriundas de Malpica. Dende ese momento comezamos a cavilar sobre que actividades e iniciativas poderíamos facer co alumnado para rendirlles a merecida homenaxe que merecen.



"Este traballo é unha culminación dun proxecto conxunto do alumnado e profesorado participante en colaboración co tecido asociativo cultural do concello .



Decidimos que tiñamos que poñer en valor a labor que está a facer o **tecido asociativo e cultural** pola preservación desta *herdanza* e puxémonos en contacto coas asociacións culturais do concello para solicitar a súa colaboración para a elaboración dun proxecto etnolóxico e musical conxunto.

O noso punto de partida foi o libro "*Cantareiras*" de **Xosé Manuel Varela e Icíá Varela (2025)** Ed. Xerais. Partindo desa base, os nenos e nenas comezaron a recadar información sobre Rosa e Adolfinia Casás, Eva Castiñeiras e as Pandereteiras de Mens. Xurdiu dende o centro a proposta de **facen unha recolleita** en cada casa, participando nesta iniciativa todo o alumnado do centro. Esta actividade conseguiu promover a comunicación interxeracional fomentando a transmisión oral familiar.

A inicios de febreiro comezaron as visitas ao centro. As primeiras convidadas foron **Tania Doldán** (nai de dous alumnos do centro) e **Belén** (tía de Anxo e Antía, alumna de 5º de primaria e participante no podcast). Contáronnos en **Radio Balea** en qué consiste o traballo que desenvolve a **asociación Malante** na dinamización e divulgación da tradición popular.

As convidadas trouxeron as súas pandeiretas para ensinarnos diferentes ritmos e coplas. Foron moi atentas e amables e responderon as todas as preguntas cun sorriso nos beizos.

A segunda convidada foi **Icía Varela**, integrante da **asociación Raigañas** e mestra de pandeireta. Icía é coautora xunto co seu pai do libro **Cantareiras**. Os nenos e nenas de 5º de primaria preguntáronlle na **radio** sobre o seu **libro**, a súa traxectoria e a súa labor na asociación. Posteriormente, na **biblioteca**, fixo a presentación da súa obra. Contounos a súa experiencia na elaboración de **Cantareiras** e cantou varias coplas acompañada do alumnado do terceiro ciclo. Foi unha xornada enriquecedora que rematou coa sinatura do exemplar de **Cantareiras** que temos na nosa biblioteca.

"Icía Varela presentounos o seu libro Cantareiras. Deixou asinado e adicado un exemplar para a nosa biblioteca escolar."



A seguinte colaboradora foi **Lupe Blanco**, coñecida regueifeira de Coristanco. A súa visita ao CEIP Milladoiro tivo un dobre motivo; por un lado impartiu na **biblioteca** un **obradoiro de regueifas** no que os nenos e nenas crearon as coplas do entroido que cantaron o día do desfile nun pasarrúas, e por outro, accedeu a responder as preguntas preparadas polo alumnado en **Radio Balea**. Con Lupe descubrimos as orixes das regueifas, a súa traxectoria artística e a historia de **Leonarda de Tallo**, de Ponteceso, a primeira muller que regueifou en público nos palcos das festas cando non estaba ben visto que o fixeran.
"Con Lupe Blanco creamos as coplas que cantamos no entroido"

A cuarta colaboración veu da man da **asociación cultural e deportiva Carcaxía**. Nesta ocasión foron tres os representantes. **María Haz, Silvia e Xacobe**, bailar e descendente dunhas das pandereteiras de Mens. Foron elas quenes nos descubriron que en practicamente cada lugar do concello había un grupo de pandereteiras. A pesar de non ser tan mediáticas e coñecidas, non deixaron de ser menos importantes na cadea de transmisión oral da poesía popular no noso concello. Falamos sobre o futuro da pandeireta e sobre isto, **Silvia** lle recordou ao alumnado que o traballo das asociacións está axudando a manter o legado da pandeireta pero que son eles, as novas xeracións, as encargadas de que esta *herdanza* non desapareza.



Con Silvia, María e Xacobe descubrimos a gran cantidade de pandereteiras que houbo en Malpica




O colofón final foi o encontro con Teresa dos Cucos na biblioteca que veu ataviada con complementos do entroido.

O broche final a toda esta serie de colaboracións veu da man de Teresa Reigía Pose, **Teresa dos Cucos**; informante, cantareira, mestra da memoria pola asociación de escritores de lingua galega no 2021 e veciña de Malpica. Teresa é colaboradora de recoñecidos artistas galegos da talla de Sés, Mercedes Peón ou Xabier Díaz. Contunos o que é unha foliada, un fiadeiro, os seus anos de moza, os seus inicios como cantareira... unha auténtica enciclopedia de poesía popular e oral. Foi todo un agasallo poder gozar da súa sabiduría.

Este percorrido permitiunos traballar a competencia **ALFIN/AMI** na síntese e análise de información dende diversas fontes para transformala en coñecementos mesturando a información bibliográfica e a obtida nas redes dixitais coa información complementaria que nos aportaron as distintas convidadas. Recadamos máis de **100 minutos de material audiovisual e de son** co que elaboramos este proxecto. Ó noso obxectivo foi o de poñer en valor a labor das mulleres homenaxeadas xunto co das colaboradoras para preservar este legado e concienciar sobre a importancia que teñen os máis pequenos e pequenas para que a corrente de transmisión continúe. No podcast interveñen 3 xeracións de cantareiras e pandereteiras. Ábrese con **Teresa dos Cucos** como figura fundamental na preservación da **poesía popular** e péchase con **Candela Lema** xunto coa súa mestra de pandeireta **Icía Varela simbolizando a remuda xeracional para a súa pervivencia**.



CONTIDOS CURRICULARES



COMPETENCIAS CLAVE

CPSAA: Contribución a capacidade de reflexionar sobre o traballo realizado mediante o feedback recibido escoitando as entrevistas feitas por eles e elas mesmas.

CCEC: Contidos musicais (instrumentos, canto, baile...). Coñecemento sobre como era o mundo rural e labrego. As xuntanzas comunais nos fiadeiros, foliadas, ruadas...

CCL: Comunicación oral (modulación da voz, entoación, pausas e silencios). Lectoescritura na coñeción e lectura dos guións. Selección e contraste de información.

CD: Utilización de tecnoloxías dixitais como os ordenadores na procura de información. Utilización de software de son nas gravacións e edición.

CE: Iniciativa na preparación e elaboración das preguntas. Colaboración con espírito crítico e aportacións persoais na elaboración do proxecto. Habilidades comunicativas.

CC: Igualdade. Concienciación da labor das mulleres na preservación do patrimonio cultural. Colaboración e traballo colectivo asumindo os roles no equipo.

INTERDISCIPLINARIEDADE

Área de Música: Contidos relacionado con instrumentos tradicionais. O canto e o baile.

Área de Lingua Galega: A lingua galega coma vehículo de comunicación oral. Lírica popular. Métrica e rima nas coplas e regueifas. Lectoescritura no traballo dos guións.

Area de Ciencias Sociais: Traballo mancomunais, a labranza, manifestacións culturais e sociais como forma de encontro para a transmisión oral (foliadas, ruadas, fiadeiros...)



PARTICIPANTES E BIBLIOGRAFÍA



Tania Doldán e Belén (AC Malante)



Lupe Blanco



Teresa dos Cucos e Susana do Couto



Silvia, Xacobe e María
(ACD Carcaxia)



Óscar Pérez, Susana do Couto,
Marco García e Candela Lema



Icía Varela (AC Raigañas)



Alumnado 5º educación primaria

BIBLIOGRAFÍA E PÁXINA WEB

Varela I., Varela X.M. (2025). *Cantareiras*. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.

RAG (<https://academia.gal/letras-galegas/2025/cantareiras>)

Primavera das Letras (<https://primaveradasletras.gal/>)

Pandereteiras de Mens. Aturuxos. (<https://www.youtube.com/@PandereteirasdeMens>)

Entrevista **A.C. Malante**: <https://malpicamil.blogspot.com/2025/02/entrevista-asociacion-cultural-malante.html>

Entrevista **A.C. Raigañas**: <https://malpicamil.blogspot.com/2025/02/entrevista-asociacion-cultural-raiganas.html>

Entrevista **Lupe Blanco**: <https://malpicamil.blogspot.com/2025/02/entrevista-lupe-blanco-6-primaria.html>

Entrevista **ACD Carcaxía**: <https://malpicamil.blogspot.com/2025/03/entrevista-asociacion-cultural-e.html>

Entrevista **Teresa dos Cucos**: <https://bemilladoiro.blogspot.com/2022/02/dia-mundial-da-radio-teresa-dos-cucos.html>